

# ANAACOS

C.E.I.P. A PEDRA

Nº 5

XUÑO 2007

## MIRADA DE PRACER



## CABO UDRA (BUEU)

ALUMN@S DE 6º


# INDICE

- 1- O GUSTIÑO DAS TRADICIÓNS
- 2- NOSO ENTROIDO
- 3- OS FROITOS DA PAZ
- 4- CREAR E DEBUXAR
- 5- INVESTIGANDO DE AQUÍ PARA ALÁ
- 6- APRENDEMOS OUTRAS LINGUAS
- 7- AS LETRAS GALEGAS
- 8- LENDAS
- 9- A DESPEDIDA DOS DE
- 10- AS NOVAS TECNOLÓXIAS NO COLE
- 11- REBUMBIO

# EDITORIAL

¡ OLA NENOS E NENAS!


ii A MEIGA COCOROLA XA  
FIXO OUTRA VEZ DAS SÚAS !!  
BOTOULLE UN GRAN FEITIZO  
AO NOSO COLE E CONVERTEU  
A NOSA REVISTA ANACOS NUN  
NOVO, REFORMADO E  
CHISPEANTE: " TINTEIRO DE  
PAPIRUS"





O VINDEIRO CURSO TEREMOS MÁIS PÁXINAS PARA  
CONTARVOS MARABILLOSAS HISTORIAS, AS MÁIS RECENTES  
NOVAS, OS MÁIS INTEGRANTES RETOS E TAMÉN ... TEREMOS  
MÁIS PÁXINAS PARA ENSINAR OS VOSOS TRABALLOS AO  
MUNDO MUNDIAL DE BUEU



ASÍ QUE NENOS E NENAS DIGAMOS TODOS XUNTOS  
ADEUS "ANACOS"

## BENVIDO TINTEIRO DE PAPIRUS









# O gustiño das tradicións...





Mata o teu porco  
e serás o teu corpo.



# ENTROIDO 2007

## COLEXIO

Na nosa escola, preparamos o entroido con días de antelación. Eliximos ao que imos adicar e preparamos os traxes. Este ano adicámoslo á Natureza. Cada curso vai diferente. Os de infantil foron de: caracois, abellas e volvoretas e os de primaria fomos de: lume, margaridas, árbores pampullos, setas e xoaniñas. Os traxes facémolos con bolsas de lixo, papel pinocho, tea... Na nosa escola celebramos o entroido cunha gran festa.

Sáímos a percorrer as rúas do noso pobo e paramos no concello, alí cada curso canta e baila a canción que preparamos na escola. Do concello voltamos ao colexio. Alí comemos produtos típicos do entroido coma as orellas, chulas, filloas... que cada un trae da súa casa.

Despois de comer voltamos a cantar e bailar.

Pasámolo moi ben.



## RÍO DE JANEIRO

É un dos entroidos máis importantes, famosos e grandes do mundo.

Nel participan todas as escolas de samba de Brasil.

Ese entroido, é seguido por miles de persoas para velo.

Sae por televisión, nos informativos, programas,...

A min gústanme moísimos os entroidos, especialmente o do Brasil, o do colexio e o principal cando queiman o paxaro.

# CANCIÓNS DE CORDA

Cancion de corda

Chicolate

Unha, duas, tres  
 chi  
 Unha, duas, tres  
 cu  
 Unha, duas, tres  
 la  
 Unha, duas, tres  
 te  
 chicolate



CANCION DE CORDA

chicolate

Unha, duas, tres  
 chi  
 Unha, duas, tres  
 cu  
 Unha, duas, tres  
 la  
 Unha, duas, tres  
 te  
 chicolate



IVÁN 394

CANCIÓN DE CORDA


A Barca

O pasala barca  
 dixome o barqueiro  
 que as nenas bonitas  
 non gastan sombrere.  
 Eu non son bonita  
 nin o quero ser  
 un, duas, tres



Aquelha canción de corda  
A barca

O pasala barca  
 dixome o barqueiro  
 que as nenas bonitas  
 non gastan sombrere.  
 Eu non son bonita  
 nin o quero ser  
 un, duas, tres



# PAZ 2007

O 30 de Xaneiro todos os que  
formamos a comunidade  
educativa do CEIP A PEDRA  
gritamos paz para o medio  
ambiente.

## DÍA DA PAZ

Tal vez non pensárais nunca que:  
O sol da vida,  
a auga da vida,  
o aire da vida,  
e fan da NATUREZA un ben.  
Non desprezades a ningún.  
Sen a túa vida.



### LEMA:

A NATUREZA é vida, é paz,  
disfrutaa.

A NATUREZA  
É VIDA, É  
PAZ,  
DISFRUTAA

Andrae 4º A


# RESPIRANDO PAZ

# DÍA DA PAZ

Tal vez non pensaras nunca  
que O sol da vida,  
a auga da vida,  
o aire da vida,  
e fan da natureza un ben.  
Non desprecies a ningún.  
Son a túa vida.

## LEMA:

A Natureza é vida, é paz,  
disfrutaa.



Abel 41ºA

# SEMENTA IGUALDADE E RECOLLE PAZ

FLORECE A PAZ  
NA MONTAÑA DA PEDRA

## GALERÍA DE IMAXES



# CREAR E DEBUXAR

Hai uns anos houbo un pirata chamado Senollo por que lle faltaba un ollo, un pé e unha man.

Sempre estaba ledo facendo deporte ou tamén durmindo. Era moi sensible polo tanto estar con él, era moi agradable, aínda que era un pouco toliño.

Un día remando polo ancho mar, unha onda levouno a unha illa deserta onde só había unha palmeira cuns cocos, e tiivo que quedar alí. Ao cabo duns días, estaba durmindo a sesta cando lle caeu un coco en toda a cabeza.



- Ola! Chámome Furbi ¿E ti? - Dixo o mono.

- Eu son Senollo.

- ¿Quieres ser o meu amigo? Así compartiríamos os cocos.

- Si, aínda que teño que confesar que os monos ... non me caen moi ben - dixo Senollo.

Senollo e máis Furbi fixéronse moi amigos e compartiron os cocos, pero amizade ás veces é traidora.

Un día que Furbi e Senollo tiñan moita fame déronse conta de que comeran todos os cocos. Empezaron a pelexar e como os monos son máis áxiles gañou.

Furbi non comen o coco, pero viu que Senollo morría de fame así que foi a

xunto del para partir o coco pero a súa sorpresa foi que dentro do coco había un mapa do tesouro.

Empezaron a búsqueda e volveron a ser moi amigos. Buscaron e buscaron, foron de pista en pista ata que apareceu unha tripulación que lles axudou a buscar o tesouro polos cinco océanos.

Un día divisou a última pista. A tripulación, Furbi e Senollo encontraron o tesouro na mesma illa onde se coñeceran os dous. Compartiron o tesouro entre toda a tripulación e foron felices para sempre.

# FOFITO NA ILLA



Fofito era un pirata especial que lle gustaba comer, ver a tele, fumar, pasear e sobre todo vivir só na súa illa.




Un día Fofito viu achegarse un barco a súa illa.



Viu que o barco estaba barado e preparouse para a batalla.



Fofito pelexou coa súa barriga e a outro coa espada.



Fofito vence e bota o pirata fora da illa.



Fofito viu que o outro pirata estaba mal e deulle un pouco de pena, entonces rescatouno e deixouno entrar na súa illa.



ALUMN@S de 3º



Os dous piratas fixéronse amigos, arranxaron a illa e viviron felices nela.

Fin.

# BARBA VERDE AMORADO DE ZARICHIS



O pirata Barba Verde era un nineta que xa non relexaba con outros. Barba Verde era tonto, parvo, olo-roso, tiña malas vulgas, era romántico, ignorante. Un día de verán Barba Verde encontrouse con unha pirata chamada Zarichis. Tan gozosa que pasou que enamorouse dela. Barba Verde díxolle a Zarichis vouche facer unha cea romántica, entón Zarichis dixo que si. Barba Verde fixo a cea e Zarichis como era tan lista roubolle o tesouro a Barba Verde. Entón, Zarichis colleu a barca e ía tranquilamente andando na súa barca e de repente apareceu un polbo gigante que lle dixo: volve a illa e devóllelle o tesouro a Barba Verde. Zarichis foi xunto a Barba Verde e devulle o tesouro. Barba Verde estaba tan namorado dela que deu-lle un bico. Casáronse e tiveron dos fillos unha nena e un neno.

Saray  
4/13

## O castiñeiro triste

Fai moitos anos nun bosque de Galicia naceu un castiñeiro. A súa infancia foi moi feliz e creceu san e moi forte.

A súa dona estaba moi contenta era o mellor castiñeiro que había por alí, cando pasou algún tempo e empezou a contaminación e o lume no bosque puxose moi triste e moi enfermo, porque costumado a vivir nun bosque verde.

Os animais e os insectos que alí vivían marcharon a outro bosque. E tanta foi na tristeza que pouco a pouco foi secando e morreu.



## A ARBORE E ESTRELA



Era unha vez unha estrela que se chamaba Claudia. Un día, Claudia caeu do ceo e chegou a parar nunha árbore chamada Miguel. A árbore non sabía que facer, entón chamou aos seus amigos, todos pensaron o mesmo "esperar un pouco e logo levala o ceo", pero o seu plan non funcionou, os cazadores de estrelas apareceron alí. Entón a árbore colleu as raíces e enterrou aos cazadores, esperou a noite para levar a estrela ao ceo.

Despois todos lle dixeron adeus e o moucho colleuna co seu pico e levouna ao ceo.

## A árbore Tintín

Fai moito tempo, nunha fraga de Galicia, vivía unha árbore chamada Tintín.

Tintín vivía feliz co resto das árbores e demais animais do bosque, os paxaros, insectos,...

Todos os días Tintín falaba coas demais árbores e insectos. Un día, un insecto preguntou:

-¿Vós tedes medo a que haxa un incendio?

-Sí - responderon as demais criaturas do bosque. - Pois eu non - respondeu un só animal - podo saír voando cando queira.

O resto dos días transcorreron coma sempre. Todos non, houbo un día que sucedeu algo terrible, unha catástrofe. As árbores de toda a fraga estaban ardendo. Cando viñeron os bombeiros só puideron salvar unha árbore. Esa árbore era: Tintín, que estaba moi triste. Moi triste.



## AMIGOS DAS ÁRBORES

Érase unha árbore que vivía nun bosque rodeada doutras árbores. Nela vivían moitos animais. Todas as primaveiras os paxariños construían os seus niños nas súas polas. Era tan fermosa que os nenos do pobo construíron unha casa. Alí ían sempre a xogar, reuníanse para falar das súas cousas e contábanse os seus segredos. Aquela árbore significaba moito para eles pois era o testigo de todos os seus segredos.



Unha tarde ó saír da escola fóronse reunir coma sempre na súa casiña pero ó chegar descubriron que a árbore non estaba. ¡Non o podían creer! ¡Non estaba por ningures!

Pouco despois decatáronse de que alguén talara non só a súa árbore senon todas as árbores do arredor.

Estaban tan tristes que non sabían que facer, ata que a Carlos ocurriúselle unha idea: plantarían cada un deles unha árbore en recordo da súa amiga.

## MACEIRA SEN FOLLAS

Un día a maceira espertouse e viu que non tiña nin follas nin mazás e preguntoulle a un neno que estaba por alí xogando á pelota por qué non tiña follas, e o neno díxolle que era unha árbore de folla caduca.

A árbore preguntoulle outra vez por qué o limoeiro tiña follas e o neno díxolle que era unha árbore de folla perenne.

Por última vez a maceira preguntoulle cando lle ían saír as follas e o neno, pensativo, contestoulle que normalmente lle ían saír en primaveira.

A maceira esperou días e noites ata que en primaveira lle saíron as primeiras flores. Esas flores co tempo convertíronse en mazás.

Cando chegou o verán había unha chea de mazás e fixeron empanadas riquísimas. Cando chegou o outono facía moito vento e pouco a pouco caéronlle follas e follas ata que quedou outra vez espida de todo.



## UN DIA DE VERAN PARA AS ARBORES


O primeiro día do verán era marabilloso para as árbores porque tiñan moitos paxaros, moitos insectos e moitas follas e alimentos nas súas polas...

A árbore Tina era moi baixa, pero os rapaces fórona visitar e regárona, quitáronlle os plásticos que tiña arredor dela, podárona, e colléronlle os froitos sen molestar aos animais.

A árbore Tina non lle gustaba o outono nin o inverno por que quedaba espida, xa que é unha árbore de folla caduca. Pero estaba moi contenta na primaveira e no verán por que tiña moitas follas e moitos froitos.

Tiña cinco amigos, dous de folla caduca coma ela e outros non.

Os rapaces non lles facían caso os amigos de Tina. Entón Tina díxolles que lles fixeran caso aos seus amigos porque eles eran bos. E así foi como coidaron ás árbores os rapaces e as rapazas do colexio "A Pedra"



# O PIRATA PATA DE CABRA

Eraxe unha vez un pirata chamado Jose. Vivía nunha illa, buscaba o seu tesouro, un día o pirata encontrou un mapa e decía: - Se o tesouro queres atopar tes que pensar e carar. O pirata andou e andou e logo carou despois atopou un tesouro e dixo: - por fin atopei o meu tesouro e púxose moi ledo, pero un día mentras durmía a sesta veu un pirata e pasou por ali sen ruído e rouboulle o seu tesouro, cando despertou non viu o seu tesouro e púxose a chorar e dixo - donde está o meu tesouro? e cando pasou por ali o pirata sentiu pena e dixo - eu sei donde está o teu tesouro, devulle e fixéronse amigos.

colorin colorada este conto está romatado  
Amanda 1ºA



## O monte de Galicia

Habia unha vez un pirata chamado Cano, o pirata Cano lle encantaba viaxar co seu barco e unha das súas viaxes foi aquí a Galicia, foi ao monte e quedou coa boca aberta porque o monte estaba case

todo queimado e lle disse a un home que andaba por ali - ¿por que está este monte así? - Porque algunhas persoas

queimaron o monte, pero nos non sabemos que persoas foron e a policía non ten ningún dato persoal, entón a non ter ningún dato, pois non saben nada, e tamén

como nos non temos tempo para plantar árbores, pois por iso está así o monte. O pirata disse: - pero eu teño tempo de sobra e vos pode acudir



Todos os cuntes empezaron a cavar, cavarón e cavarón ata que se fixo noite e a mañá seguinte puseron as sementes, e ao pasar os anos o monte volveu a ser verde


LAURA 10A

# D E B U E U A S E R A N T E L L O S








O martes 15 de maio os  
menos/as de 5 anos  
fomos de excursión a  
Granxa  
Serantellos

Despois da viaxe en autobús  
chegamos á granxa onde nos esperaban  
os monitores











Para facer as distintas actividades  
dividímonos en dous grupos e  
pintáronos a cara  
de gatos e porquiños






Tamén podemos ver  
de cerca outros  
animais.





NENOS E NENAS DE 5 ANOS

A NO SA  
EXCURSION



OS MENOS E MENAS

DE 4 ANOS FORMOS



DE EXCURSION Ó ZOO



OS ANIMAIS QUE MAIS  
NOS GUSTARON FORON...



SERPE CORAL




SERPES




SERPE CORAL

INSECTOS  
PAU



INSECTO  
FOLLA




ARAÑAS



TARTARUGA  
CAIMAN




0 50




CABRAS




CERVOS




LIZARDE



CEBRA





MONOS



PANTEMA



**NENOS E NENAS  
DE 4 ANOS**



CIGONA



PAYOS  
REAIS




EMU



TARTARUGA

OS NENOS E NENAS DE 4 ANOS VIAJAMOS  
EN TREN



NO EU




VITCOR



2020


2014



NATASHA




EDUARDO



ALTEPH

OS NENOS E NENAS DE 4 ANOS VIAJAMOS  
EN TREN



LUCAS

ICIA



# Excursión de Ons

Ás 10:30 da mañá, collemos o barco da Illa de Ons para pasar alí o día. Era un barco moi grande no que puidemos ir dous colexios. A viaxe durou sobre unha hora, e ás 11:30 chegamos ó peirao de Ons. Fomos a un bar a esperar por uns guías que non tardaron moito en chegar. Cando nos repartimos en dous grupos, o guía de cada grupo deunos uns prismáticos para cada dous ou tres, e despois fomos ver os cantís, onde crían os cormoráns e as gaviotas. Máis tarde ensinaronos un castro antigo, e de alí a un rato fomos a praia do Canesol a facer un xogo. O meu equipo foi o único que conseguiu atopar tódalas cousas que poñían no papel.


Sobre as dúas e media fomos a comer. Eu comín unha tortilla que estaba moi boa. O acabar de comer xogamos por alí un pouco, e pola tarde fomos a praia de Area Dos

Cans. As profes dixeron que podíamos mollar os pés, pero a miña compañeira Silvia caeu dunha rocha e mollouse toda. Máis tarde estivemos xogando a "presing cath", que é como loita libre, e ás 5:30 da tarde collemos o barco de volta. Esta vez estabamos moi cansos e a viaxe fixosenos moi longa. Xa tiñamos ganas de chegar a casa aínda que o pasamos moi ben na illa. Por fin, ás 6:15 chegamos ó muelle de Bueu donde nos estaban esperando os nosos familiares.


Foi un día estupendo!!




ALUMNADO DE 5º A e B



**INFANTIL 3 ANOS**




**¡ SOMOS PIRATAS !**



**TRIPULACIÓN**

**BARBA AZUL**





**INFANTIL 3 ANOS**



# ¡ SOMOS PIRATAS !




**TRIPULACIÓN**

**BARBA ROJA**




# INGLÉS NATURAL



W O R O 3 - 4 - 5 0 - 4 0

# VIOLETA MONREAL

Neste curso lemos moitos libros de Violeta Monreal, o 10 e o 13 de abril fixonos unha visita ao cole.



Primeiro estivo cos máis cativos no cole de infantil, onde nos contou fermosas historias e tamén nos obsequiou cun mural feito con diferentes materiais.




No cole de primaria ademáis das historias e os debuxos os máis grandes tiveron a oportunidade de facerlle moitas preguntas ás que respondeu con moito agarimo.


Ao final da visita tivemos a sorte de que nos asinara a cada neno o seu libro.



R U X E - R U X E




¿Cómo se chama?



¿Cómo se chama?



¿Cómo se chama?



¿Cómo se chama ?



# CORRELINGUA 2007

## CORRELINGUA 2007

O 16 de maio participamos no correlingua. Foi un paseo polas rúas velhas da cidade de Pontevedra. Reclamamos o dereito a medrar en GALEGO e o seu uso normal na vida diaria, por ser o idioma do noso país.

O lema deste ano foi GALEGANDO. Despois do paseo mercendamos e vimos unha actuación do Xalearin club e do grupo Chereve. Ao remate os Guetzos de Frades leron o manifesto rapero "Ninguen nos cala".

**G**alego, a nosa fala.  
**A**mor pola nosa lingua.  
**L**embremonos Galiza.  
**E**mprecomos a falala.  
**G**añará o galego.  
**A**ndando por Galiza.  
**N**ación galega.  
**D**ominará o galego.  
**O**frecemos galego a Galiza.



**G**alego, encántame o galego.

**A**vanzando co galego.

**L**ingua de noso.

**E**n galego pode soñar.

**G**añamos se usamos o galego.

**A**s nosas avoas xa o falaban.

**N**ós sempre falaremos o galego.

Despois terei llelo aprenderemos @s nos@s fill@s

**O** galego mola.




**CORRELINGUA**

# GALEGANDO

## OS DE 2º DE PRIMARIA

### POLAS RUAS DE PONTEVEDRA



**G**alicia é a nosa nación

**A**mor a o galego

**L**edicia de ser galegos

**E**ducarnos nesa lingua

**G**alegoa mellor das linguas

**A**brazarnos a ela

**N**amoramos dela

**D**oada

**O**xalá todo isto se cumpla

**Participamos  
no concurso de  
banda deseñada  
con Pensamentos**




# O TEMPO DE...

## MARÍA MARIÑO

**No ano 1907, naceu en Noia  
María Mariño.**

**No ano 1907, estrenouse en  
Cuba o Himno Galego.**



*Rebeca*

**Cando tiña 29 anos comenzou a  
guerra en España, e rematou cando  
tiña 32.**




*Pablo*

**María Mariño, pasou os anos de fame despois da guerra.**



**Durante moitos anos a lingua galega só se falaba nas aldeas. Non se escribían contos nin historias na nosa lingua.**




**No ano 1963, celebrouse por primeira vez "O días das letras galegas".**

**María Mariño xa tiña 56 anos.**



**No ano 1967, morreu María Mariño en Parada do Courel.**

**Nestes anos, empeza en España a modernidade.**



# MARÍA MARIÑO

## A SÚA VIDA



# CONCURSO MARÍA MARIÑO

ESTE ANO POLAS LETRAS GALEGAS OS NOSOS ALUMNOS E ALUMNAS RESPONDÍAN CADA DÍA A UNHAS PREGUNTAS SOBRE A VIDA É A OBRA DE MARÍA MARIÑO. FOI UN GRAN ÉXITO.

## PODES SEGUIR PARTICIPANDO

• *Por que se festexa o Día das Letras Galegas o 17 de maio? .....*

• *Pódese adicar o Día das Letras Galegas a algún escritor vivo ou viva? A quen se lle adica este ano o Día das letras Galegas? .....*

• *María Mariño:*

▪ *Lugar de nacemento e data .....*

▪ *Lugar onde faleceu e data .....*

• *Localiza nun mapa os lugares onde viviu María Mariño .....*

• *María Mariño:*

▪ *Cantos irmáns tiña .....*

• *Cando comezou a interesarse pola lectura*


.....

• *Nomea, alomenos tres escritores que tiveron relación con María Mariño* .....

.....

• *A que mulleres adicounelle algún ano o Día das Letras Galegas.*

• *Escribe os títulos dos seus libros. Dedicalle un pequeno poema* .....



- *Escrebe e ilustra algunha estrofa dos seus poemas (podes utilizar técnicas de colaxe, témpera, estampado, etc.)*

- *Deseña un marcapáxinas en homenaxe a María Mariño.*

## POEMAS

Lendo un día estaba  
a escritora María Mariño.  
Mentras escribía un libro  
pasou un rapaciño,  
Do contenta que estaba,  
regaloulle un libro.  
Sempre te recordarei María Mariño.

LAURA OTERO 5º B

ERES COMO A LÚA CHEA  
QUE AO SEU REDOR TEN CANDEA  
QUE NA NOITE ESCURA  
É UNHA MANTA DE ESTRELAS.

BARBARA SANTOS 5º B

## MARCAPÁXINAS



MARIA  
MARIÑO

LETAS  
GALEGAS  
2007

Irene 6º B

# PREMIADOS E PREMIADAS NO CONCURSO

MÉRCORES 2 DE MAIO.....	SARAY 4° B
XOVES 4 DE MAIO.....	AGUSTÍN 3° A
LUNS 7 DE MAIO.....	JUDHIT 6° A
MARTES 8 DE MAIO.....	JOSE 5° B
MÉRCORES 9 DE MAIO.....	PEDRO 3° A
XOVES 10 DE MAIO.....	NADIA 3° B
VENRES 11 DE MAIO.....	MÓNICA MALVIDO 4° A
LUNS 14 DE MAIO.....	PALOMA 3° B
MARTES 15 DE MAIO.....	ALDARA 5° A
MÉRCORES 16 DE MAIO.....	IRENE 6° B



# POEMAS DE MARÍA MARIÑO ILUSTRADOS POLOS ALUMNOS/AS

*Morrín nova pola leucemia.*

*Amores e moita tristura tiven na miña vida.*

*Respirei moito amor da miña terra.*

*Imaxinei ser a persoa máis querida.*

*Antes de morrer escribín "Palabras no tempo".*

*Mentres escribín moitas bágoas derramei.*

*Acabei triste e desolada ca morte do meu filliño.*

*Roberto Posse Carballido foi o meu homiño.*

*Ilusioneime co libro "Verbas que comeza".*

*Ñañara estiven días antes de morrer.*

*Ola e adeus dígovos é mencer.*



O meuño hoxe da laxe  
fáltalle auga e cantar ben.  
Laxe trocada en areia.  
A ponte arcos non ten.  
Cegume hoxe a mirada,  
Onde ante medrou o ter.  
Pombiñas alí non voan  
nin o sapo canta ben.  
O ceo é o que sabe...  
Que o seu cantar bello é.

María Mariño




# SEÑOR VALENTÍN




O señor Valentín era gardabosques do Concello de Bueu e coidaba os montes, para que no se queimaran etc. Estaba moi contento co seu traballo. Podía chegar a andar nun día 40 e 50 kms. Antes os montes tiñan: castañas, pinos, carballos... Tamén había moitos animais: píntegas, lagartos arnáos, líscanzos e moitos animais máis. El contounos que poñían multas de 3 pesetas ou de un pouquiño máis os donos do gando que non estivesen na súa parcela. Cando había un incendio ían todos os que vivían preto a apagalo. Daquela vivíase da pesca e do monte. Nel plantábanse: leitugas, tomates, patacas e moitas legumes máis. Os animais tiñan de todo para comer. Pero agora non é así, van a desaparecer moitas árbores, animais...por culpa da falta de auga, da contaminación e dos incendios ...

# HISTORIA SECRETA DE GLORIA SÁNCHEZ



no ano 1958 nun



da provincia de



chamado

Vilagarcía de Arousa.

Mentras foi



cos seus



De



fixose




e tivo dous fillos.

Unhas das cousas que máis lle gusta é



para nenos e nenas, tamén lle gustan as



ten unha



na súa



Déronlle o



polo seu libro Fafarraios

no 1990.

Este ano no noso



lemos o libro Rimas

con letras que nos



moito.

# M ATAPITOS. COM

Detrás  
dunhas lentes



negras  
a bruxa mala  
vixia  
como van  
entrando á escola  
os nenos e mailas  
nenas.

Moi tesa, moi tesa  
detrás dunhas  
lentes negras.



# OS RÍOS GALEGOS E AS SÚAS LENDAS

## AS PINTAS VERMELLAS DAS TROITAS

Houbo nunha ocasión unha gran batalla entre homes da comarca e os mouros, no Incio, preto do río Mao. Tanto sangue se verteu, que foi dar ao río, e deste río ao río Cabo, e do Cabo ao río Sil, e do Sil ao Miño, e todos estes rios avermellaron. As troitas teñen dende entón pintas vermellas e no río Mao non hai máis peixes que troitas.



## A LENDA DA PONTE PEDRIÑA


A Ponte Pedriña, que está moi preto do muro de encoro das cunchas.

Nas épocas de seca vese como se fose o esqueleto dunha pastama, no que queda da Ponte Pedriña. Por ela pasaba a Vía XVIII chamada tamén Itinerario de Antonio e Vía Nova. A Ponte Pedriña foi declarada Monumento Histórico-Artístico o ano 1944 e cinco anos despois, sen atender a tal distinción anegada.

A historia é ben diferente. Un mozo de Santa Cruz rondaba unha moza da outra beira do río. Para ir xunta dela tiña que cruzar pola ponte, pero unha enchenta de auga impediulle atravesar. O mozo botaba xuramentos e maldicións tan fortes que se presentou o demo e propúxolle un traballo. O demo comprometeuse a traballar toda a noite para construír unha ponte, pero o mozo tería que entregarlle a alma cando morrese, e aceptou. Traballou e traballou, ao mencer aínda lle quedaba unha pedra, e por unha pedra non deu rematado a obra.

Incomodado o demo polo contratempo dixo esta maldición:

Por culpa dunha pedriña nunca me fuches pagada. Vivirás sempre maldita e morrerás afogada. Sen a pedra que lle faltaba, a ponte foi de moita utilidade ata que os argalleiros do encoro das Cunchas cumpriron a maldición.




## A LENDA DA VIRXEN E O NENO EN PORTOMARÍN

Onde surdiu esta lenda queda preto da capela de Santa Mariña, que segundo as crónicas era un pequeno mosteiro de monxas.

Neste mesmo lugar había unha parede entre as augas metida, e ten a súa lenda. Conta a lenda que alí onde hai a metade dun penedo cuberto polas augas, ían María, e máis o neno durmidoño enriba do burro, san Xosé tiraba pola corda. Ao chegaren a Portomarín os tres quixeron cruzar o río. As augas facían moito ruído ao pasaren entre os penedos e os cachóns, porque estes dábanlles aínda máis velocidade.


María non quería despertar ao neno, e dixo:-Non espertes ao meniño que xa o levo durmidoño, e o río voltouse calmo.



O río Miño vai calmo o seu paso por Portomarín

### As feiticeiras do río Sil

A lenda di que nun punto do río Sil viven feiticeiras que seducen aos mozos coa súa voz e afogan para sempre. A única maneira de evitalo e cruzar o río cunha pedra na boca, así os mozos non poden falar e o encantamento non se produce.



# EMPRENDEMOS VOO...

Aos nosos amigos e profesores  
 Pedimoslle que nos coiden o colexio  
 E cunha morea de cores  
 Despidimolos deste lugar.  
 Rir, chorar, rogar e traballar.  
 ¡Adios, meu segundo fogar!

Lourenço  
 Alicia  
 Mirian  
 Diego  
 Melania  
 Alberto  
 Tere  
 Sara  
 Ruben  
 Sabela  
 Fany  
 Sandra  
 Mandy  
 Leandro  
 Sandho  
 Daniel  
 Miriam

DESPEDIDA DE 6º B  
 Para este cole recordar,  
 Rir, cozer e imaxinar.  
 Importante estudar  
 Mais a Pateira non podemos deixar.  
 Ante exames pequenos, o medramos.  
 Recordos de moitos anos  
 Imos ter durante tempo.  
 Adios profes e compañeiros.

Carlos  
 Xosé  
 Jijia  
 Jennifer  
 Abel  
 Hugo  
 Andrea  
 Noelia  
 Alex  
 Irene  
 Alberto  
 Nuria  
 Sirley  
 Pato

# ...A SECUNDARIA

# E para etapa rematar de excursión á capital

**O**S NENOS DE 6º FOMOS DE EXCURSIÓN A MADRID DENTE O MARTES 22 DE MAIO ATA O 25 DE MAIO.

O MARTES 22 DE MAIO FOMOS A VER O MUSEO DO PRADO. ALI VIMOS SALAS NAS QUE HABÍAN CADROS DE GOYA, VELÁZQUEZ, TINTORETO...AS 20.30 FOMOS A VER O MUSICAL "MAMMA MÍA".

O MÉRCORES 23 DE MAIO FOMOS A VER O PALACIO REAL E A CATEDRAL DA ALMUNEDA. POLA TARDE FOMOS NO AUTOBUS TURÍSTICO DE DOUS PISOS. NO AUTOBÚS VIMOS O PARQUE DO RETIRO, A CIBELES, O SANTIAGO BERNABEU, A T.V.E., ETC.

O XOVES 24 DE MAIO FOMOS Ó PARQUE DE ATRACCIÓNS. ALÍ HABÍA MOITAS ATRACCIÓNS. EU MONTEI NA MONTAÑA RUSA, NO RIO BRAVO, NO LEX LUTHOR, NA CASA EMBRUXADA...

O VENRES 25 DE MAIO FOMOS Ó ZOO-AQUARIUM DE MADRID. VIMOS MOITOS ANIMAIIS COMO O TIGRE BLANCO, O DELFÍN, A AGUIA...

VOLVEMOS O 25. SAIMOS AS 12:00 DA NOITE PORQUE RETRASOUSE O AVIÓN POLA TORMENTA.

ANGEL LÓPEZ Nº 1 6ºB


**¡XENIAL!**



# Galicia A Voz de Galicia A Voz de Galicia

Enquisa a Álvaro: Persoa que nos amosou as instalacións da "Voz de Galicia".

1. ¿Quen marca a liña ideolóxica dun periódico?  
Ningún.
2. ¿Cando o periódico di unha mentira quen é o responsable?  
O director.
3. ¿Por qué cerran algúns periódicos?  
Porque perden cartos.
4. ¿Cantos periódicos fan ó día?  
Fan 120.000.
5. ¿Cantos anos ten a empresa?  
Ten 125 anos.
6. ¿Cal foi a noticia máis importante da Voz?  
O Prestige, A visita do Papa a Galicia, O 11 M.
7. ¿Cantos formatos de periódico leva a Voz?  
Leva 13.
8. ¿Cal é o periódico máis antigo de Galicia?  
O Faro de Vigo.
9. ¿Un neno de 10 anos pode enterarse das noticias do periódico?  
Non, non pode entendelas.
10. ¿É feliz traballando aquí, na Voz de Galicia?  
Sí, claro que sí. ¿É que queres roubarme o posto?
11. ¿Canto cobras?  
Cubro bastante.
12. ¿Que cantidade de papel diario usades?  
24 rolos de papel diarios.
13. ¿Quen escribe os títulos da 1ª páxina?  
O director normalmente.
14. ¿Fai falta un carné especial para traballar aquí?  
Sí, é necesario.



A VOZ  
NA ESCOLA

Manuel 6ºA

A Voz de Galicia A Voz de Galicia A Voz de Galicia A Voz de Galicia A Voz de Galicia

A Voz de Galicia A Voz de Galicia A Voz de Galicia A Voz de Galicia A Voz de Galicia

A Voz de Galicia A Voz de Galicia A Voz de Galicia

# PÁXINA WEB e WEBLOG do CEIP A PEDRA

Os enderezos electrónicos son { Web: <http://centros.edu.xunta.es/ceipapedra>  
Weblog: <http://ceipapedra.blogia.com>


Ao longo deste curso o noso colexio actualizou a súa *páxina web* e puxemos en marcha unha *weblog* desde a biblioteca coa fin de achegarnos un pouco máis a todo o mundo a través da comunicación que posibilita a rede informática.



A páxina web posúe **máis dun cento de enlaces** nos que, calquera que o desexe, pódese achegar, no só á información sobre o centro (Localización, Historia, Horarios, Calendarios,... aspectos relacionados co alumnado, Anpa ou profesorado...) senón toda unha morea de actividades, publicacións, vídeos, fotografías, cursos, etc.; e mesmo comunicarse directamente con nós.

Pero a mesma páxina agocha outras páxinas web de non menos relevancia como poden ser:

- a **PÁXINA DO ALUMNADO** (accédese desde o menú *Alumnado*, desde o menú que se move, icona na portada,...) na que podemos ler, e ata escoitar, contos do alumnado do centro, ir a Contidos Educativos, ver álbums de fotografías das antigas escolas ou fotos dos nosos alumnos e alumnas,



facер unha viaxe virtual desde Bueu por Galicia, buscar calquera cousa nunha morea de buscadores, traducir, buscar en dicionarios, mirar os horarios das farmacias de garda, autobuses,..., ler ata 33 xornais e máis de 40 revistas de todo tipo (incluídas as escolares), mirar máis de 20 televisións en directo, escoitar máis de 60 tipos diferentes de música e máis de 25 emisoras de radio, vela previsión do tempo para Bueu, etc. e todo con premer un simple botón. Indicar que aínda haberá máis cousas pois seguimos en proceso de ampliación: enlaces de interese, entrevistas, etc.

- Páxinas web completa das escritoras Violeta Monreal e Gloria Sánchez

Coa weblog o alumnado do **CEIP A PEDRA de Bueu** temos desde agora unha nova plataforma de información das nosas actividades, inquiredanzas e traballos en xeral. Con ela tentamos que sexa un complemento activo da páxina web do centro.





# NOS RECREOS XOGAMOS TOD@S

## CLASIFICACIÓN XERAL DO TORNEO DOS RECREOS 2006/07

- 1º - CLASIFICADO: 44 ptos 6º B
- 2º - CLASIFICADO : 42 ptos 4º -A/B
- 3º - CLASIFICADO: 38 ptos 5ºB
- 4º - CLASIFICADO: 34 ptos 6º A
- 5º - CLASIFICADO: 32 ptos 3ºA
- 6º - CLASIFICADO: 22 ptos 5ºA
- 7º - CLASIFICADO: 20 ptos 3ºB

As mestras de Educación Física agradecemoslle a todos os alumnos e alumnas a participación, colaboración e entusiasmo amosado neste torneo e desexamos que no verán participedes en todas as actividades deportivas que teñades oportunidade para seguir facendo amigos e medrar sans e fortes .

Un bico e ata setembro





**CEIP " A PEDRA "**  
**BUEU (Pontevedra)**